

RECITAL DE PONTEVEDRA 28-10-2024
DE A CABELEIRA DE CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

Lugar:

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola (Rúa Alfonso XIII, 3), ás 19 h.

Presentación:

Claudio Rodríguez Fer, escritor e director da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela

Carmen Blanco, escritora, doutora en Literatura Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e autora do debuxo e caligrama das cubertas

María del Pilar Fernández Ruiz, directora da Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra

Lectura políglota de “A cabeleira”:

En galego, o autor

En chantadés, Anxo González Guerra, filólogo pola Universidade de Santiago de Compostela, escritor e catedrático de Galego en Pontevedra e Vigo, así como profesor no programa Luar da Televisión de Galicia (Versión del mesmo)

En portugués, Elisabeth Oliveira, poeta políglota e licenciada en Letras Modernas pola Universidade de Lille III e en Filoloxía Francesa pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Claudia Murici)

En asturiano, Antonio García Ordóñez, membro da Asociación de Amigos da República de Ourense (Tradución de Xuan Bello)

En castelán, Miguel Ángel Cuña Casabellas, biólogo que exerceu como profesor na provincia de Pontevedra e como directivo do Instituto Galego de Formación en Acuicultura, ademais de promover a Fundación Cuña - Casabellas - Fabulario Novo – Hipofanías en Pontevedra (Tradución de Olga Novo)

En catalán, Mar Sasha Kuitenbrouwer Cuéllar, estudante no Centro Público de Educación Básica de Grandas de Salime (Tradución de Marta Pessarrodona)

En francés, María Lopo, ensaísta, catedrática de Francés en Santiago de Compostela e doutora en Literatura Francesa pola Universidade da Alta Bretaña (Tradución dela mesma)

En italiano, Cristina Marchisio, doutora e profesora de Lingua e Literatura Italianas na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Ana Rosso)

En pinzulèr, Maria Maffei, licenciada en Letras pola Universidade de Trento, docente e doutoranda na Universidade de Bérgamo e investigadora na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela (Tradución dela mesma)

En romanés, Adina Ioana Vladu, poeta, tradutora políglota, licenciada e doutora en Lingüística pola Universidade de Bucarest e investigadora en lingüística computacional na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Ion Deaconescu)

En xudeo-español, ou ladino, Manuela Aira, articulista cultural e licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela que vén exercendo como profesora en Galicia e Asturias (Tradución de Graciela Tevah de Ryba)

En latín, Fernando Lillo Redonet, novelista, doutor en Filoloxía Clásica pola Universidade de Salamanca, catedrático de Latín en Vigo e autor de numerosos libros e artigos sobre o mundo antigo, especialmente en relación co cine. (Tradución de Aurora López e Andrés Pociña)

En inglés, Adina Ioana Vladu, máster en Lingua e Literatura Inglesas pola Universidade de Santiago de Compostela e tradutora do galego ao inglés e do inglés ao galego (Tradución de Diana Conchado)

En alemán, Rosa Marta Gómez Pato, doutora e profesora de Literatura Alemá na Universidade de Santiago de Compostela e tradutora do alemán ao galego e ao castelán (Tradución de Regina Goerger)

En neerlandés, Gideon Kuitenbrouwer, arquitecto, creador en madeira e rehabilitador con autosuficiente sostibilidade dunha aldea na boscosa comarca asturiana dos Oscos (Tradución de Germain Droogenbroodt)

En grego clásico e en grego moderno, Sula Repani, pintora grega afincada en Galicia (Tradución, respectivamente, de Stathis Papakonstantinou e de Theodora Grigoriadou)

En ruso, Ekaterina Yakovleva, licenciada pola Universidade Estatal de San Petersburgo en Interpretación e Tradución de Idiomas e máster en Lingüística Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Serguey Stepanov)

En barallete, Laura Paz Fentanes, narradora, articulista, graduada en Lingua e Literatura Españolas, doutoranda na Universidade de Santiago de Compostela, bolseira nesta biblioteca e coordinadora deste acto (Tradución de José Manuel Bouzas)

En esperanto, Cristina Fiaño, poeta, xestora cultural e graduada en Enxeñería de Deseño Industrial pola Universidade da Coruña e en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela, por onde tamén é máster en Servizos Culturais (Tradución de Diana Conchado)